

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMG A PLENA INCLUSIÓN GALICIA).

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** (en diante a "Fundación"), con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do N.I.F. G 15.721.640.

Está representada neste acto pola súa Directora-Xerente, D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación o 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante notario o día 19 de decembro de 2016, e do artigo 31 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Doutra parte, a **FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO** (en diante, "FADEMG") con domicilio social en Rúa Polígono Industrial do Tambre, Vía Pasteur, 53 B, 15890, Santiago de Compostela (A Coruña) España, e provista do Número de Identificación Fiscal G36620037.

Está representada neste acto por D. Eladio Fernández Pérez, na súa condición de Presidente, nomeado pola Asemblea Xeral, en exercicio das súas competencias, de acordo co establecido nos artigos 20 e 28 da última modificación dos Estatutos aprobada pola Asemblea Xeral da Federación en data 17 de xuño de 2023.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou "Convenio"), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Fundación foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no



registro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

Para a consecución deste obxecto social previsto nos Estatutos fundacionais, concretamente no seu aspecto "de exhibición e consumo cultural" a FUNDACIÓN promove a realización de actividades culturais de moi diversa índole, apostando por configurar un espazo que redunde nunha mellora da calidade de vida das persoas e accesible a calquera colectivo, con independencia das súas necesidades.

A Fundación, como parte do sector público galego, ten a obriga de cumprir cos preceptos legislativos galegos. Neste senso, fai propio o espírito da LEI 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que quere facilitar o dereito de acceso á cultura de todas as persoas, sen excluír a ninguén, baixo o respecto á igualdade de oportunidades e á non-discriminación. Nese sentido, nace co obxectivo de conciliar a cultura coa realidade das diferenzas que presentan as persoas, especialmente aquelas que pertencen a colectivos cuxa situación de desvantaxe persoal ou social acaba por se converter tamén nun atranco no ámbito cultural.

Dentro da estratexia de programación, algúns dos principios dos que emanan os programas e actividades propostas no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027 son (entre outros):



- Atracción de novos segmentos de públicos, continuando coa fidelización dos públicos existentes, pero tamén elaborando estratexias para construír novas comunidades e atraer audiencias.
- Fortalecer o aliñamento dos programas cos ODS-Axenda 2030, reforzando aqueles proxectos que atenden aos valores promovidos polos ODS e potenciar os eixos menos explorados ata o momento.

Pola súa banda, dentro do denominado "Plan de gobernanza e participación: Gaiás aberto", sinalase que a Cidade da Cultura "ten como obxectivo orientar e potenciar a acción de distintos grupos de interese, comezando pola propia sociedade e incluíndo tamén as administracións locais galegas e o tecido empresarial. Tamén aborda a promoción de proxectos colaborativos entre as distintas entidades interesadas". *"A Cidade da Cultura configúrase como un ecosistema no que desenvolven a súa actividade distintas entidades"*.

As liñas de acción que entroncan co todo o anteriormente exposto son:

3.2.2. Servizos de proxectos colaborativos.

3.3.2. Colaboración con entidades de economía social.

Ademais do xa sinalado sobre a necesaria aplicación normativa sobre a accesibilidade e a inclusividade da cultura, considérase primordial para a Cidade da Cultura de Galicia, en sintonía coa súa propia estratexia, visibilizar esta inclusión co fomento de proxectos colaborativos coas entidades de economía social. A normativa sobre a economía social está marcada pola Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, e pola Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da economía social. Segundo sinala a Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, no seu artigo 5.1, forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas. A economía social achega un modelo empresarial baseado en valores como a solidariedade, participación e cohesión social, entre outros, e que está centrado nas persoas.

Cando no ano 2015 a Asamblea Xeral da ONU adoptou os 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), así como as metas que engloba a acción da Axenda 2030, as empresas da economía social comprometéronse e identificáronse con esta axenda porque é un modelo empresarial que aposta polas persoas, polo emprego (sobre todo, para colectivos en risco de exclusión social e que teñan especial dificultade para o acceso ao emprego), polo planeta, pola prosperidade compartida e por erradicar as desigualdades sociais e territoriais como camiño para construír un desenvolvemento



sostible, accedendo a unha educación de calidade para todas as persoas (educación que inclúe todos os eidos culturais).

A propia Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, conecta co sinalado ao indicar:

"O espírito que preside esta norma é que o acceso á cultura non quede limitado para ningunha persoa, con independencia de cales foren as súas condicións e circunstancias particulares, individuais ou colectivas.

Todas as persoas, todas as diferenzas e todas as capacidades, por especiais que puideren parecer nun principio, enriquecen calquera sociedade e constitúen un motor cultural que esvaece as fronteiras físicas e intelectuais. A ollada da diversidade é especialmente alentadora para a creatividade artística, mais tamén para a cohesión social. Así nolo recorda o lema da Unión Europea, «Unida na diversidade», en referencia á creación dunha Unión que nace da gran diversidade de culturas, tradicións e linguas dentro do continente europeo.

Precisamente, o proceso de creación cultural eríxese en moitos casos como a ferramenta máis efectiva para incorporar os colectivos máis desfavorecidos á sociedade e para contribuír a que recuperen a capacidade plena de desenvolvemento persoal e social.

Por tanto, é necesario pór os alicerces para que o acceso á cultura configure un dos bloques esenciais da actividade de toda persoa, independentemente de cal fora a súa situación de partida ou capacidade. Trátase de que a autonomía presida calquera decisión persoal, tanto á hora de consumir cultura como tamén á hora de a crear.

Sendo obxecto da propia lei (artigo 1) promover as condicións para que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas, e remover os obstáculos que a impidan ou dificulten, con especial atención a aquelas persoas en que concorra algún factor de risco de exclusión social.

SEGUNDO.- Que FADEMGAL ten por obxecto a promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e carece de ánimo de lucro. Está inscrita no Rexistro central de asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local co nº 2005/147-2 (s.c.), en Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co nº E-45 e nos Rexistros Municipais de Asociacións dos Concellos de Vigo co nº 932-05, de Ourense co nº 263, de Lugo co nº 346, de Santiago de Compostela co nº 180 e da Coruña co nº 767.

FADEMGAL Plena inclusión Galicia está formada por 42 entidades das 4 provincias galegas, contando con máis de 7.000 persoas socias que representan a máis de 10.500 persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, ás que prestan atención tanto a través das súas entidades membro como directamente dende a federación.



De acordo co recollido nos seus estatutos, FADEMGA dirixirase á consecución, entre outros, dos seguintes fins:

- Representar os seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e acadando a colaboración das universidades galegas.
- Realizar campañas de divulgación e sensibilización cara á sociedade.
- Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

TERCEIRO.- Que FADEMGA manifestou expresamente, en xaneiro do 2025, o seu interese en formalizar un acordo coa Fundación, coa finalidade de promover o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, especialmente aqueles vinculados á accesibilidade á información, á comunicación, á cultura e ao exercicio dos seus dereitos en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía, e, de forma específica, os reflectidos nas seguintes normativas;

- Lei 10/2014. do 3 de decembro. de accesibilidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- A convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade do 13 de decembro de 2006 e a súa aplicación a nivel estatal e autonómico.
- LEI 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

CUARTO.- Que no marco destes dereitos, a Fundación comprométese a facilitar o dereito de acceso á cultura de todas as persoas, sen excluír a ningún, baixo o respecto á igualdade de oportunidades e á non-discriminación, tal e como establece a LEI 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, contando para elo coa colaboración de FADEMGA.

QUINTO.- Que tanto FADEMGA como a Fundación está de acordo en establecer un marco de colaboración nos ámbitos de actuación de interese común para o que acordan as seguintes;



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio o establecemento de bases de colaboración entre a Fundación e FADEMGA, co fin de fomentar o acceso das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento ás accións de difusión, sensibilización e promoción das actividades culturais desenvolvidas pola Fundación, así como a cooperación e asesoramento para a posta en marcha de prácticas culturais na CdC que contribúan ao desenvolvemento e cumprimento da Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, eliminando barreiras, favorecendo a accesibilidade, fomentando a creación cultural e realizando accións formativas.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A FUNDACIÓN comprométese, de forma específica, a desenvolver progresivamente medidas de promoción de accesibilidade relativa á información e á comunicación no ámbito da divulgación mediante as seguintes accións:

- Cesión de espazos a título gratuíto na Cidade da Cultura de Galicia de ata un máximo de CINCO EVENTOS ao ANO a organizar por FADEMGA ou polas entidades que forman parte da mesma para a celebración de actividades propias, sempre tendo en conta a dispoñibilidade de espazos segundo o calendario ordinario e actividades da Cidade da Cultura de Galicia, previa autorización do departamento de Eventos da Fundación.

Esta cesión non inclúe posta a disposición gratuíta de técnicos ou persoal da Fundación ou terceiros dependentes del, nin a contratacións de medios técnicos non incluídos nos espazos seleccionados, o cal deberá ser xestionado e costeadado pola solicitante e organizadora da actividade.

As peticións de espazo realizadas polas 42 entidades que forman parte de FADEMGA serán xestionadas a través da propia Federación, da cal dependerá a selección de actividades ou eventos que poidan celebrarse no Gaiás (sempre que ditas peticións non superen o máximo previsto en parágrafos anteriores e sempre previa dispoñibilidade de espazos segundo o calendario ordinario e actividades da Cidade da Cultura de Galicia, previa autorización do departamento de Eventos da Fundación).

- Desenvolvemento de actividades accesibles no marco das campañas institucionais de sensibilización e difusión das actividades que se realicen na Cidade da Cultura de Galicia, organizadas pola Fundación, e especificamente, no que respecta ás exposicións e aos eventos culturais que se realicen no Gaiás.
- Inclusión nos contratos que licite e en atención á natureza do seu obxecto, a obriga de que os materiais, actuacións ou servizos entregados polas persoas



adxudicatarias sexan accesibles.

Pola súa parte, FADEMGA comprométese a;

- Xestionar e canalizar as posibles peticións de espazo realizadas por ela mesma ou por algunha das 42 entidades que forman parte de FADEMG, da cal dependerá a selección de actividades ou eventos que poidan celebrarse no Gaiás (sempre que ditas peticións non superen o máximo previsto no punto anterior e sempre previa dispoñibilidade de espazos segundo o calendario ordinario e actividades da Cidade da Cultura de Galicia, previa autorización do departamento de Eventos da Fundación). Neste sentido, FADEMG difundirá entre as súas entidades o texto do convenio así como o procedemento e tramitación precisa para a solicitude de espazos.
- Ofrecer asesoramento especializado no ámbito da accesibilidade á información e á comunicación, así como pór a disposición da Fundación os recursos humanos e materiais para o desenvolvemento das accións acordadas.
- Difundir entre os seus asociados e familias, a programación da Cidade da Cultura de Galicia.
- Cooperar e asesorar para a posta en marcha de prácticas culturais na CdC que contribúan ao desenvolvemento e cumprimento da Lei 3/2024.

TERCEIRA.- FINANCIACIÓN

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e FADEMG ou entidades asociadas á mesma, asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

Non obstante ao anterior, serán por conta da Fundación;

Os custos *ordinarios* correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados por FADEMG ou os seus asociados) ou impostos que afecten ao inmovible.

Serán por conta de FADEMG;

- 1.- Os gastos propios de transporte e traslado á Cidade da Cultura de Galicia, do seu persoal ou terceiros contratados por FADEMG, para actos propios organizados por FADEMG ou os seus asociados, e seguros que o cubran.
- 2.- Os gastos correspondentes á publicidade do evento, así como da sinalética



promocional tanto dentro do complexo do Gaiás, como a exterior que se empregue para a promoción do evento ou actividade.

3.- O gasto relativo á contratación de técnicos ou persoal preciso para a realización da actividade, así como dos medios técnicos que precisen e non estean incluídos ordinariamente nos espazos cedidos.

4.-Calquera outro gasto relativo a súa propia actividade.

Aos efectos do formulario de aluguer de espazos, entenderase que a tarifa aplicable será a tarifa conveniada, entendéndose que non conleva importe por aluguer de espazos para FADEMGA.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo marco en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo marco en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo marco por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións da/s instalación/s cedida/s temporalmente á FADEMGA e/ou ás Entidades que forman parte da mesma.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do/s espazo/s cedido/s e, FADEMGA e/ou cada Entidade asociada serán os únicos responsables de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen nas instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

SEXTA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez finalizada a actividade ou evento para o que se solicita espazo, cada solicitante deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que se acumule entullos ou refugallos, procederá á súa recollida conforme ás condicións orixinais dos espazos e instalacións obxectos de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á FADEMGA, ou Entidade que forma parte da



mesma, este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

SÉTIMA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO AO ESPAZO.

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se cede/n o/s espazo/s e/ou instalación/s.

Non obstante, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade interior dos mesmos, dependerán do peticionario que solicitase o espazo e a tal fin, contará co persoal que estime oportuno e establecerá para o devandito persoal, os horarios que este determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal, que deberá ser validado pola Fundación.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá á solicitante, se ben, no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, a solicitante de espazo poderá contar coa colaboración do persoal de seguridade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, co fin de asegurar o abandono das instalacións das persoas non admitidas.

Cada solicitante de espazo/s, é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

OITAVA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Autorízase a reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte da solicitante, en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Cidade da Cultura de Galicia, en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual. Non obstante, a solicitante deberá facer constar a procedencia de ditas imaxes, sons ou orixe da documentación (Cidade da Cultura de Galicia) ou a expresión "*por cortesía da Fundación Cidade da Cultura de Galicia*", no caso de reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación pertencentes ao Fondo da Fundación cedidos polo Departamento de Comunicación e Marketing desta entidade.

NOVENA.- CESIÓN E SUBCONTRATACION

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes. Os membros desta comisión



poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes de FADEMGA.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución do convenio.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, e por iniciativa de calquera delas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio.

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo



idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;

- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

Este convenio producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante o anterior, o convenio poderá prorrogarse expresamente por anualidades ata un máximo de dous anos máis; dito acordo de prórroga deberá ser formalizado por escrito con dous meses de antelación á finalización de cada anualidade.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

DÉCIMO CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que



este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 6 desta normativa.

A natureza xurídica do convenio é netamente patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia só aos efectos dos principios sinalados na mesma.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo serán resoltas pola xurisdición civil.

E en proba de conformidade co exposto, asinan convenio, telemáticamente, considerándose na data que figura na sinatura dixital pola Fundación.

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Pola Federación Galega De Asociacións En Favor Das Persoas Con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena Inclusión Galicia).

D. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

D. Eladio Fernández Pérez
Presidente

